



DATOS IDENTIFICATIVOS

Seminario de literatura galega desde 1975 ata a actualidade

Materia	Seminario de literatura galega desde 1975 ata a actualidade			
Código	V01G160V01706			
Titulación	Grao en Estudos de Galego e Español			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Noya Campos, María del Camino			
Profesorado	Noya Campos, María del Camino			
Correo-e	cnoia@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Estudo e análise da literatura galega deste período.			

Competencias de titulación

Código	
A3	Abarcar os fundamentos teóricos e aplicados que ofrecen os diferentes paradigmas lingüísticos, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas española, galega e lusófona nos seus distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos
A6	Argumentar os temas e os textos obxecto de estudo de acordo coas convencións académicas, achegando probas e servíndose dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente dos orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
A7	Participar en debates e actividades de grupo, e organizalos desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico con respecto ás posicións alleas e á tolerancia cara á diversidade social e cultural que se expresa nas linguas e literaturas en cuestión.
A8	Formular razoamentos críticos nos ámbitos de estudo lingüístico e literario a fin de adquirir métodos sólidos de análise, que transcendan a simple aproximación intuitiva ás linguas e aos textos obxecto de estudo.
A9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais en español e en galego, formulando hipóteses cunha metodoloxía apropiada para transmitir ideas eficaces, de acordo coas convencións académicas, e argumentando os razoamentos expostos.
A11	Mostrar sensibilidade cara ás achegas feitas polas mulleres á literatura e á cultura española, galega e portuguesa nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. Entender as funcións do canon, a súa formación e os seus axentes, e valorar as exclusións que xera, por exemplo, a exclusión dos textos de escritoras, particularmente nos diferentes ámbitos xeográficos e culturais das linguas galega e española.
A12	Posuír unha conciencia crítica ante mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe
B1	Que o estudiantado demostrase posuír e comprender coñecementos dunha área de estudo que parte da base da educación secundaria, que se adoita atopar nun nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
B2	Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou a súa vocación dunha forma profesional, e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
B3	Que o alumnado teña a capacidade de reunir e interpretar os datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre os temas destacados de índole social, científica ou ética.
B4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B5	Que o alumnado desenvolvese aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

Competencias de materia		
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Desenvolver unha visión interrelacionada do repertorio literario do período histórico.	A3 A7 A8 A9 A11 A12	B2 B3 B5
Fomentar a capacidade crítica con todo tipo de textos e xéneros deste período, independentemente da súa natureza.	A3 A6 A8 A11	B1 B3 B4
Capacitarse para a aplicación da análise histórica ás principais figuras literarias deste período.	A3 A6 A8 A11	B2 B3 B4
Valorar as contribucións da literatura neste período ó proceso de autocoñecemento e dignificación de Galicia	A8 A11	B1 B2 B3

Contidos

Tema	
1. Coordenadas socio-culturais e literarias desde 1970 a 1980.	1.1. A poética social de 1973. 1.2. A poética de Álvaro Cunqueiro. 1.3. As novas poéticas aparecidas en 1976. 1.4. Influencia na nova xeración de poetas de 1980.
2. A xeración poética dos 80.	2.1. Estudo dos/as principais poetas da xeración dos 80. 2.2. Grupos poéticos: Rompente, Cravo Fondo, Alén, Loia. 2.3. A nova sentimentalidade, o culturalismo, poesía amorosa, a visión da paisaxe, o compromiso, a herdanza das vangardas na poesía escrita na década dos anos 80
3. As poéticas dos e das poetas dos 90 en diante.	3.1. Diferenzas coa poética dos 80. 3.2. Discursos non líricos. 3.3. A poética da muller. 3.4. A nova oralidade.
4. Consolidación e mudanza no xénero narrativo.	4.1. Desenvolvemento da novela e do conto. 4.1.1. Subxéneros narrativos. 4.1.2. Autores/autoras.
5. Estudo específico dos distintos subxéneros narrativos.	5.1. A novela histórica. 5.2. A crónica social. 5.3. A narrativa policiaca. 5.4. A narrativa intimista. 5.5. A narrativa feminista. 5.6. A novela de aventuras. 5.7. A novela fantástica e vangardista.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	26	52	78
Traballos de aula	23	46	69
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	O desenvolvemento da aula farase comezando pola explicación da profesora dos temas propostos no programa para seguir coa presentación dun texto (poético ou narrativo) previo á participación do alumnado.
Traballos de aula	Unha alumna comentará o texto obxecto de estudo e a continuación as compañeiras acheguerán as súas opinións sobre as lecturas feitas coa finalidade de manter un debate sobre o texto analizado.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	As alumnas matriculadas recibirán todas as explicacións e indicacións que soliciten para un seguimento correcto da materia e para satisfacer todo tipo de dúbidas sobre os contidos do temario.
Probas	Descrición
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	As alumnas matriculadas recibirán todas as explicacións e indicacións que soliciten para un seguimento correcto da materia e para satisfacer todo tipo de dúbidas sobre os contidos do temario.

Avaliación		
	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	Os contidos teóricos explicados nas sesións maxistrals serán avaliados mediante dous tipos de probas: a entrega dun traballo sobre cada texto analizado e por probas de coñecemento. Faranse dúas probas dos contidos de poesía e dúas ou tres de narrativa.	50
Traballos de aula	O alumnado terá que presentar unha recensión documentada por cada obra de lectura obrigatoria.	35
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	As alumnas que se presenten ás probas parciais do programa e as superen non terán que facer o exame final. As alumnas que non se presentaran ás probas ou que non as superarán terán un exame final en XANEIRO, o xoves 15 ás 11: 00.	15

Outros comentarios sobre a Avaliación

Na primeira edición das actas o sistema de avaliación é o descrito arriba. O alumnado que non poida asistir ás aulas deberá falar nos primeiros días de clase coa profesora. En todo caso, deberá entregar os traballos de curso (35%) e un exame final (65%).

A porcentaxe de presencialidade obrigatoria na avaliación continua é do 80%.

Na avaliación de xullo, o alumnado deberá entregar os traballos de aula (35%) e facer un exame dos contidos da materia (65%).

Bibliografía. Fontes de información

Ameixeiras, Diego, **Asasinato no Consello Nacional**, Xerais,
Caamaño, Begoña, **Circe ou o pracer do azul**, Galaxia,
Cunqueiro, Álvaro, **Herba de aquí e acolá**, Galaxia,
de Toro, Xelis, **Riofero**, Xerais,
Fernández, Miguel Anxo, **Bícame Frank**, Galaxia,
Fernández Naval, Francisco, **A noite branca**, Xerais,
Méndez Ferrín, Xosé Luís, **Con pólvora e magnolias (1976) de**, Edicións Xerais,
Riveiro Coello, Antón, **Acordes náufragos**, Galaxia,
Sumai, Anxos, **Así nacen as baleas**, Galaxia,
Zúñiga, Iolanda, **Vidas post-it**, Xerais,

Bibliografía básica

Casas, Arturo . *Antoloxía consultada da poesía galega 1976-2000*. Lugo: Tris.Tram, 2003.

Forcadela, M. *Sete leccións de poesía*. A Coruña: Espiral Maior, 2009.

Rodríguez Baixeras, Xavier. *Bos tempos para a lírica*. A Coruña: Espiral Maior, 2009.

Rodríguez, Luciano. *Poetas galegos do século XX*. A Coruña: Espiral maior, 2004.

Tarrío, A. *Literatura Ga lega. Aportacións para unha historia crítica* . Vigo: Xerais, 1994. 2ª edición 1998.

Vilavedra, D. *Historia da Literatura Galega*. Vigo: Galaxia, 1999.

Vilavedra, D. (coord..) *Diccionario de literatura galega I e II*. Vigo: Galaxia, 1997-1998.

VV.AA. *Historia da Literatura Galega*. Vigo: A Nosa Terra-ASPG, 1996, volume 5.

VV. AA. *Galicia. Historia da Literatura Galega*. A Coruña: Hércules Edicións, Tomo 33 e 34.

Ó longo do cuadrimestre entregarase a bibliografía complementaria.

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Edición de textos literarios/V01G160V01906

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

As escritoras da historia literaria/V01G160V01917

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Comunicación oral e escrita: Galego II/V01G160V01405

Crítica literaria/V01G160V01922

Outros comentarios

Para o seguimento da materia é necesaria a lectura dos textos seguintes:

1. (Re)lectura dos poemarios

Con pólvora e magnolias (1976) de Méndez Ferrín

Herba aquí e acolá (1980) de A. Cunqueiro.

Textos das antoloxías citadas na bibliografía.

2. Narrativa: novelas e contos

A noite branca de Francisco Fernández Naval. Vigo: Xerais, 2012.

Asasinato no Consello Nacional de Diego Ameixeiras. Vigo: Edicións Xerais, 2010.

Bícame Frank de Miguel Anxo Fernández, Vigo: Galaxia, 2013.

Así nacen as baleas de Anxos Sumai. Vigo: Galaxia, 2007.

Circe ou o pracer do azul de Begoña Caamaño. Vigo: Galaxia, 2009.

Riofero de Xelis de Toro. Vigo: Xerais, 2009.

Acordes náufragos de Antón Riveiro Coello. Vigo: Galaxia, 2013.

Vidas post-it de Iolanda Zúñiga. Vigo: Xerais, 2007.
